

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xaneiro de 2022**

Ás 17.40 horas do día 20 de xaneiro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil (substituído por don Álvaro José Fernández López) nin a deputada do Grupo Socialista dona Susasa Rodríguez Estévez (substituída por don Aurentino Alonso Araújo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

Non se producen intervencións e coa abstención de dona Margarita Pérez Fernández e don Aurentino Alonso Araújo (por non estar presentes na dita reunión) a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 9 de decembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** informa que no BOP do 11 de xaneiro se publicaron as bases de termalismo social, e que este programa está operativo desde do día 12. Indica que hoxe en Fitur, o presidente da Deputación asinou un convenio con Renfe para que as persoas doutras cidades, das que entran no convenio, se poidan achegar aos nosos balnearios dentro deste programa, grazas á alta velocidade.

Dá resposta a preguntas feitas na comisión do mes de decembro. A primeira é unha pregunta que fixo o portavoz do BNG, sobre se o caudal de augas termais que permitiría o Hotel Balneario no Pazo Provincial se estima en 3 litros por segundo, di que segundo un informe de resultados que fixera Xeoquis, que di que os estratos fracturados que se atravesaron achegan un caudal continuo estimado entre 2,5 e 3 litros por segundo. Se ben este valor debe ser validado coa execución dun ensaio de bombeo constante unha vez consultados os resultados positivos da prospección hidrotermal. Este ensaio de bombeo constante vaise comezar a facer nos próximos días, e este informe tamén dicía que é probable aumentar o caudal e a temperatura dispoñible na captación termal profundando esta se fose necesario. Trátase dunha produtividade media alta para este tipo de mananciais profundos de tipo fisural, que se desenvolven sobre rochas de tipo cristalino

Responde tamén a unha pregunta do deputado don Álvaro Vila sobre a razón de que a estas alturas do ano (mes de decembro) e coas condicións meteorolóxicas actuais a estación de inverno de Manzaneda aínda non estea aberta, dicindo que segundo a información que lle

facilitan esta instalación está aberta sempre e os servizos están operativos. No mes de outubro péchase o bai pack para poder preparar o tema da neve.

En canto á solicitude de dona Elvira Lama, sobre o convenio asinado entre o INORDE e a Xunta para accións de promoción da chegada do AVE a Ourense, faille entrega da copia do dito convenio e indica que onte, en Fitur, o presidente da Deputación recibía un premio pola campaña promocional da chegada do AVE.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que recentemente se informaron polos medios de comunicación dun proxecto dunha liña de alta tensión de 11 quilómetros na zona da Serra do Larouco, concretamente no Concello de Baltar, na que Iberdrola pretende evacuar a enerxía que se poida producir no parque eólico San Martiño, que afecta na súa plenitude ao espazo que está sendo utilizado para a práctica voo libre, parapente e ala delta. Ademais, no Concello de Baltar agora mesmo está empezando a haber un incipiente sector turístico, alugueiro de casas, hostelería, restauración, etcétera. Ademais, esta Deputación Provincial financiou algunha obra relativa a esta zona, concretamente accesos, acondicionamento da zona. Pregunta cal vai ser a postura que vai adoptar o grupo de goberno desta Deputación con respecto a esa liña de alta tensión que pretende instalar Iberdrola, e se a Deputación se vai poñer ao carón dos veciños, que esixen que o trazado desa liña se modifique ou incluso que se soterre, xa que hai outros parques con lonxitudes máis longas que se están soterrando.

A **presidenta da comisión** di que responderá na próxima comisión.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que tamén tivo coñecemento de que no Larouco tamén queren instalar máis aeroxeradores, cuestión a estudar no seu conxunto, porque que non é só a liña de alta tensión, senón ademais este incremento vai ter unha afección directa. Deste tema que agora salta no Laourco xa se ten falado en varias ocasións, incluso quere lembrar que se aceptou unha das propostas que trouxo o BNG no pleno do estado da provincia que ía nesa liña. O primeiro que hai que facer é parar un momento, un momento prolongado, e facer unha revisión en profundidade do plan eólico galego e determinar os intereses. Entende que pode haber intereses económicos, pero deben ser compatibles cos intereses dos que viven no territorio e cos intereses medioambientais e patrimoniais do noso país, e deben ter un retorno económico para as comunidades locais, porque senón volvemos estar como cos encoros e botamos as mans á cabeza. Resulta que agora a Confederación Hidrográfica non vai poder sancionar ás empresas titulares dos encoros por telos baleirado, porque non se pode

facen nada e iso é un recurso natural de todos e todas os galegos e galegas. Pensa que se está cometendo o mesmo erro co eólico, incluso nalgúns casos que raia a complicidade por parte da Xunta de Galicia, porque cando se reduce o prazo de alegacións a 15 días, incidindo en que iso é para favorecer o enriquecemento económico, en proxectos que teñen anos e anos de tramitación. Cando falas coa xente afectada botan ás mans á cabeza, xa que en moitos casos as administracións, en vez de estar na súa banda, están da banda das grandes empresas que veñen explotar os nosos recursos sen unha contrapartida clara. Cre que este si é un papel da Deputación como representante dos veciños e veciñas, e debe ter unha postura clara e facerlla chegar urxentemente á Xunta de Galicia e ao Estado. Neste caso, no Larouco, esa mobilización social está facendo que Iberdrola achante, pero vai moito máis alá do tema do Larouco.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que o día 13 de agosto de 2021 fixeron unha solicitude sobre información da nova localización da sede da Deputación Provincial de Ourense logo de confirmar o seu presidente que o Pazo Provincial será un hotel balneario. A día de hoxe aínda non teñen resposta a esta solicitude e son coñecedores das distintas alternativas a través da prensa. Queren saber en que punto está este asunto, se xa hai unha localización definitiva ou se aínda se están estudando distintas alternativas.

A **presidenta da comisión** contesta que aínda non hai unha localización definitiva, que se están estudando varias alternativas e no seu momento darase coñecemento.

D. Bernardo Varela López, do BNG, en relación co informe de Xeoquís que se mencionou anteriormente, di que ao seu entender debería existir un informe de viabilidade sobre a que dimensionamento se podería dar servizo con este caudal de auga. Di isto porque ata onde el chega, nun informe que se fixo ao respecto por un caudal de auga no antigo cárcere, unha das causas de que se desbotara no seu momento como espazo para este hotel termal, era porque só daba 2.4 litros. Non sabe se esa diferenza que se marca aquí é suficiente para viabilizar un espazo que en principio sería bastante máis grande a nivel ocupacional como é o Pazo Provincial. Cre que antes de seguir con isto algún experto debería facer un informe sobre que espazo sería posible dotar con auga de uso termal con ese caudal de entre 2.5 e 3 litros do que se está falando.

A **presidenta da comisión** indica que o informe dicía tamén que ese valor debía ser validado coa execución dun ensaio de bombeo constante que, como dixo, se ía comezar nos próximos

días, co cal vai haber todos os informes e ensaios necesarios para estar seguros de que o caudal é suficiente para unha instalación dese tipo.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, en relación coa presenza estes días en Fitur do presidente da Deputación, presentando o plan termal, que lles parece unha idea estupenda para a provincia de Ourense, pregúntase se vendendo este atractivo turístico nos estamos esquecendo de algo imporante que é a cidade de Ourense, onde as termas aínda están pechadas. Pregunta se a Deputación pensa facer algún tipo de accións para remediar que este punto imporante da provincia, que é a cidade, reabra esas termas que agora mesmo están en total abandono, para poder seguir con este grandísimo plan de Ourense Provincia Termal.

A **presidenta da comisión** di que, evidentemente, un dos piares fundamentais é a cidade de Ourense. Aquí hai un membro do goberno da cidade e igual quere intervir. Polo que ela viu estes días dúas xa están a punto de abrirse, xa que están rematando as obras. En todo caso este programa de termalismo social é para sete balnearios que están localizados non na capitalidade senón na provincia de Ourense precisamente, en núcleos rurais, en concellos rurais, onde este programa fai moitas veces que se salven eses balnearios. Oxalá o programa do Imserso comece xa tamén, porque moitos están esperando que o Estado dea comezo tamén a ese programa. Neste caso ese programa, que tivo moi boa acollida, nos dous últimos anos con motivo da pandemia non estivo funcionando como debera, pero a Deputación está sempre do lado dos concellos, e neste caso tamén do da capitalidade aínda que teña máis de 20.000 habitantes.

E, ás 17.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

